

INSTRUMENTO PARA VALORACIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS

no contexto da reforma educativa

Laura López Atrio

CEFOCOP de Vigo

Florentina Peliquín Pérez

CEFOCOP de Santiago

Celestino Pérez Recarey

CEFOCOP de A Coruña

Mercedes Rodeiro Barros

1. INTRODUCCIÓN

A actual Reforma do Sistema Educativo aporta unha serie de cambios con respecto á Lei do 70, tanto no seu aspecto organizativo coma no pedagóxico. Unha das características más salientes é a adopción dun modelo curricular *semiaberto*.¹

Para que este modelo curricular se poida desenvolver en toda a súa dimensión e se plasme na práctica educativa con certas garantías de éxito, parece necesario, cando menos, contar cun profesorado cualificado e dotado dunha formación suficiente como para ser capaz de tomar unha serie de decisións que logo se deberán concretar nuns documen-

tos de carácter semipermanente -coma os Proxectos Educativos de Centro (PEC) e os Proxectos Curriculares de Centro (PCC)- e noutros de carácter anual -coma o Plan Anual e a Memoria Anual-.

Entre as múltiples decisións a tomar polos equipos de profesores e profesoras hai unha que merece a nosa atención: a valoración e a posterior elección de materias que van ser unha das ferramentas indispensables a utilizar na práctica diaria cos alumnos e alumnas.

Se ben é certo que o profesorado necesita manexar unha gran variedade de materiais didácticos, entre eles están os materiais para a planificación da súa práctica docente (didácticas xerais e específicas, guías didácticas, libros de pro-

1. Denomínámolo *semiaberto* porque o que se vén chamando nivel de concreción curricular ten un carácter prescriptivo, é dicir, os obxectivos xerais de etapa, obxectivos xerais de área, contidos e criterios de avaliación xa están fixados pola Administración Educativa.

postas didácticas), materiais para a práctica de aula (libros de texto, unidades didácticas, recursos e material de apoio), materiais para elabora-lo PEC e o PCC, materiais para a programación de aula (Zabala, 1990).

Un deses materiais, o libro de texto, aínda hoxe continúa a ser un dos recursos didácticos máis empregados na aula. Un alumno medio está en contacto cun libro de texto o 75% do tempo que permanece na escola. E se nos referimos á hora de face-los deberes, normalmente fóra do ámbito escolar, esta porcentaxe elévase ó 90% do tempo empregado. Estes datos, que foron investigados por Apple en USA (Apple, 1991), podemos extrapolalos á nosa realidade, pois entendemos que non han variar sensiblemente.

Por outra parte, os libros de texto recollen anacos da nosa realidade, transmiten a cultura, a historia e son unha ferramenta importante no proceso de ensino-aprendizaxe. Esta idea, que asumen e aproveitan as diversas editoriais, está a producir un incremento progresivo de ofertas de materiais para o ensino, sendo os libros de texto os que ocupan a maior porcentaxe. Ante esta situación - que agora non entramos a valorar- é mester que o profesorado teña uns criterios pedagóxico-didácticos claros que permitan realizar unha boa selección de materiais.

Ademais non podemos esquecer que cando estamos discutindo sobre ma-

teriais estamos cuestionando as estratexias didácticas que poñemos en funcionamento co material. En toda caso, os materiais polos que optemos han de responder a un proceso de ensino-aprendizaxe acorde cos principios da Reforma Educativa: aprendizaxe significativa, potenciación do traballo en grupo, favorecemento da comunicación interpersonal e fluída, promoción da autonomía, adquisición dos tres tipos de contidos -conceptuais, procedementais e actitudinais-, avaliación do proceso.

2. LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS

Temos que sinalar que arredor do libro de texto tómanse moitas decisións curriculares, relacionadas tanto cos contidos coma coas estratexias didácticas á seguir; más aínda, cos currículos pechados era praticamente o libro de texto o que marcaba a pauta educativa nas aulas e, por conseguinte, nos centros; e aínda hoxe continúa a ser un dos recursos máis empregados na aula.


De tódolos xeitos, non pode ser tan só o libro de texto o que marque o currículo. No currículo interveñen moitos factores, polo tanto temos que ter en conta que os contidos que se traballen na aula téñense que apoiar en materiais procedentes de diferentes contextos: como os medios de comunicación de masas, a cultura e a sociedade, os libros de texto e outros recursos do contorno. Coidamos que a valoración e a posterior selección de libros de texto vainos servir

para dispoñer dun recurso máis na biblioteca de aula, onde estarán a disposición do alumnado como fonte de información e consulta e, en todo caso, como un auxiliar de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, pero non como único instrumento de traballo.

Esta idea foi a que nos levou a elaborar un instrumento, factible de ser

mellorado, que poñemos a disposición dos docentes para que estes poidan realizar unha valoración de materiais curriculares -especialmente libros de texto e guías didácticas- cun certo rigor científico e, ó mesmo tempo, sexa un instrumento facilitador para a toma de decisións á hora de seleccionar aqueles materiais que estean na liña do Proxecto Educativo e Curricular do seu centro.

ESQUEMA I



3. OBXECTIVOS QUE PROPOÑEMOS

Coa elaboración deste traballo pretendemos, ademais de poñer a disposición do profesorado un instrumento -máis ou menos útil- para valorar materiais, proporcionar maior formación para a reflexión e toma de decisións, así como unha mellor información sobre os materiais existentes no mercado editorial.

Concretando un pouco máis o exposto anteriormente, diremos que os obxectivos que se pretenden acadar con este documento son os seguintes:

- Recolle-las demandas do profesorado sobre a necesidade de posuír instrumentos operativos e sinxelos que permitan analiza-los materiais didácticos.
- Poñer a disposición dos equipos de traballo instrumentos que permitan xulga-los materiais e tomar decisións sobre o seu uso.
- Facilita-la autoformación no propio centro sobre a resolución de problemas que presenta a elección de materiais.
- Proporcionar ó profesorado que o demande unha información obxectiva sobre os materiais que mellor avogan pola cultura galega, temas transversais, etc.

- Iniciar un pequeno banco de datos sobre as características de cada unha das editoriais para os distintos niveis educativos.

- Dispor dun fondo editorial amplio que poida ser consultado polo profesorado que o demande.

- Fichar unha mostra de libros de consulta que poidan ser utilizados como biblioteca de aula.

- Elaborar documentos que permitan mellora-la calidad do ensino en galego e do galego.

- Valora-los materiais que se están a utilizar e aqueloutros que se poderán complementar ou substituír.

- Facilitar instrumentos para a discusión na selección de materiais.

4. COMO CHEGAMOS A ELABORAR ESTE INSTRUMENTO DE VALORIZACIÓN

O instrumento de valoración que aquí presentamos é froito tanto da reflexión teórica sobre diversos materiais relacionados co tema coma da reflexión práctica realizada en múltiples ocasións e con diferentes libros de texto.

Cómpre dicir que esta ficha de valoración experimentouse en varias actividades de formación do profesorado,

experiencia que serviu para ir mellorando e perfeccionando algúns dos seus aspectos.

Na súa estructura tivéronse en conta apartados que abranguen aspectos importantes dende o punto de vista do material, do alumnado, do profesorado e das interrelacións destes co proceso de ensino-aprendizaxe e das variables que o condicionan.

Os cinco primeiros apartados -formato, organización do contido, selección de contidos, tipo de contidos, procedencia da información- fan referencia a diversos aspectos do libro en si mesmo.

Os tres seguintes -tarefas organizativas, modelo de aprendizaxe do estudiante, propostas de avaliación- prestan atención ó/á alumno/a.


E o último -grao de autonomía profesional do profesor/a- está dedicado ó/á docente e ó seu grao de autonomía.

Cada un dos nove apartados está dividido en varios puntos que poden ser valorados nunha escala do 1 ó 5.


Os esquemas II e III permítennos ter unha visión global do que é a ficha en si mesma, das interrelacións entre os diferentes apartados e das ideas que pretendemos plasmar na mesma.

Finalmente, non sería xusto omitir algo que consideramos verdadeiramente importante: esta ficha de valoración entendémola coma un modelo estándar. Con isto queremos dicir que cada centro ou equipo de profesores e profesoras debe realizar aquelas modificacions que considere necesarias para adecuala ó seu Proxecto Educativo e Curricular, de xeito que se cumpla a súa verdadeira función: servir de instrumento de valoración de materiais.

ESQUEMA III



ESQUEMA II



5. FICHA ESTÁNDAR DE VALORACIÓN DE MATERIAIS

TÍTULO: _____

AUTOR/ES: _____

EDITORIAL: _____

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
1. Formato:					
1.1. Imaxes relacionadas co texto.					
1.2. Información clave resaltada.					
1.3. Ilustracións de calidade e agradables.					
1.4. Símbolos axeitados ó nivel dos alumnos.					
2. Organización do contenido:					
2.1. Unidades interdisciplinares.					
2.2. Unidades temáticas.					
2.3. Permite conectar con aprendizaxes de fóra da escola.					
2.4. Introduce recursos do contorno inmediato.					
3. Selección de contenidos:					
3.1. Aparecen temas transversais.					
3.2. Ten orientación non sexista.					
3.3. Está aberta a diferentes culturas.					
4. Tipo de contenidos:					
4.1. Contidos conceptuais.					
4.2. Contidos procedimentais.					
4.3. Contidos actitudinais.					
5. Procedencia da información:					
5.1. Contenido con valor científico.					
5.2. Incluye ámbitos de saber popular, tradicional.					
5.3. Hai diversidade nos textos seleccionados.					

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
6. Tarefas organizativas:					
6.1. Suxiren agrupamentos flexibles de alumnos.					
6.2. Requeren o uso de recursos non específicos do nivel e contido que se trate.					
6.3. Preséntanse fundamentalmente para o traballo individual.					
7. Modelo de aprendizaxe do estudiante:					
7.1. Provoca este material a necesidade de buscar fontes de información fóra do material.					
7.2. Desperta no alumno interese que van máis alá das tarefas propostas.					
7.3. Permite opciónalidade no tratamento cultural.					
7.4. Suxire estratexias de aprendizaxe adecuadas ó nivel dos alumnos ós que se dirixe.					
8. Propostas de avaliación:					
8.1. Probas de autoavaliación.					
8.2. Observación sistemática.					
8.3. Cadernos de traballo.					
8.4. Diarios.					
8.5. Probas obxectivas.					
8.6. Avaliación de capacidades.					
9. Grao de autonomía profesional do/a profesor/a:					
9.1. O material contén guía didáctica para o/a profesor/a.					
9.2. Guía didáctica con programación completa.					
9.3. Favorecese a introducción de novas ideas no material.					
9.4. Suxire ideas ou tarefas non dependentes do propio material.					
9.5. Pídense expresamente a opinión do/a profesor/a sobre o material.					
9.6. O material anticipa as dificultades posibles da súa posta en práctica.					

6. CONCLUSIÓN

As autoras e autor deste artigo - Asesor/as Técnico Pedagóxico/as de Lingua Galega e Literatura en distintos Centros de Formación Continuada do Profesorado (CEFOCOP) de Galicia- experimentamos este instrumento de valoración fundamentalmente nos seguintes ámbitos:

- Para levar a cabo unha investigación sobre análise e valoración de materiais curriculares publicados sobre Lingua e Literatura Galega, dos cursos nos que entrou en vigor a Reforma Educativa.

Á hora de realizar esta valoración tivérонse en conta os seguintes aspectos:

- o material no seu conxunto
- o número de libros do alumno/a por nivel
- os cadernos e/ou libros de actividades complementarias
- guías didácticas
- outros materiais

Tamén se tiveron en conta:

- o número de unidades por nivel
- o número de páginas por unidad
- a estructura de cada unidad

- En diversas actividades de Formación do Profesorado dos CEFOCOP, nas que o profesorado asistente ás mesmas utilizou este instrumento para analizar con criterios pedagóxico-didácticos distinto material curricular.

- Con profesorado en formación inicial, alumnos/as do Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP) ós/ás que se lles proporcionou este instrumento e que conviñeron reflexionar, baseándose no mesmo, sobre a idoneidade de diversos materiais didácticos para utilizar co alumnado.

Todas estas experiencias permitiron ir mellorando e perfeccionando este instrumento de valoración.

Consideramos de gran interese que o profesorado, nos respectivos centros, reflexione conviñentemente sobre cuestiós que afectan moi de cheo á súa práctica docente e á vida dos centros, xa que isto vai repercutir nunha mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, así como nunha autoformación, que vai estar favorecida polo enriquecemento da reflexión convxunta e toma de decisións compartidas.

Non podemos esquecer que a elección de materiais é unha decisión que tódolos centros teñen que tomar, así como a de chegar a acordos referentes a xestión dos mesmos, establecer normas de uso, conservación, arquivo, etc.

Nós ofrecemos un instrumento que esperamos sexa de utilidade para os/as profesionais do ensino, ben para utilizalo así ou como un elemento máis para elabora-lo seu propio instrumento de valoración.

BIBLIOGRAFÍA

- AA. VV. (1991): *Cuadernos de Pedagogía* (Barcelona), 194, xullo-agosto. Trátase dun número monográfico dedicado a proxectos e materiais cirícuulares.
- Apple, M. (1991): *Maestros y textos. Una economía política de las relaciones de clase y de sexo en la educación*, Paidós-MEC, Barcelona.
- Fernández, M. (1989): "El libro de texto en el desarrollo del currículum", *Cuadernos de Pedagogía*, 168.
- Garreta, N. e P. Careaga (1987): *Modelos masculino y femenino en los textos de EGB*, Madrid, Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer.
- Martínez Bonafé, J. (1991): "El cambio profesional mediante los materiales", *Cuadernos de Pedagogía*, 189.
- Martínez Bonafé, J. (1992): "¿Cómo analizar los materiales?", *Cuadernos de Pedagogía*, 203.
- Mauri, T., I. Solé, L. Del Carmen e A. Zabala (1990): *El currículum en el centro educativo*, ICE, Horsori, Barcelona.
- Ministerio de Cultura (1989): *Análisis de subsector de edición de libros de enseñanza educación*, Centro del libro y de la lectura, Dirección General del Libro y Bibliotecas, Madrid.
- Roque, F. (1989): "Guía documental de editoriales y colecciones de educación", *Cuadernos de Pedagogía*, 169.
- Torres Santomé, X. (1989): "Libros de texto y control del currículum", *Cuadernos de Pedagogía*, 168.
- Torres Santomé, X. (1989): *El currículum y la práctica (un desarrollo comprometido del currículum)*, Concejo de Educación de Castilla-León, Valladolid.
- Torres Santomé, X. (1991): *El currículum oculto*, Morata, Madrid.